



RELATORIOS DE RETORNO

CONCLUSIONES

Galicia continua no seu proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural e o goberno galego ve no retorno non só un dereito de todos os galegos emigrados, senón tamén unha oportunidade para asentarse na terra dos seus antepasados, a que os une un forte vínculo.

A Estratexia Galicia Retorna é o marco idóneo que aglutina medidas, programas de todo tipo, encamiñadas a conseguir o dereito ao retorno dos galegos no exterior.

Como resultado do traballo Relatorio de Retorno, logo de analizar e debater a comunicación recibida, acordamos o seguinte:

- 1.- O retorno é un dereito e unha oportunidade de volver á casa, de volver á terra. O retorno ten como un dos seus obxectivos atraer un sector de poboación xoven, que achegue riqueza e oportunidades empresariais e laborais con man de obra cualificada que xere riqueza e oportunidades empresariais que permita mellorar a competitividade e produtividade do tecido empresarial, ao mesmo tempo que lles ofrece a posibilidade de seguir formándose en Galicia. O retorno tamén se presenta como unha oportunidade para afrontar o reto demográfico, e contribuír a mellora da competitividade.
- 2.- Galicia foi e segue sendo pioneira en materia de retorno, converténdose nun referente para outras comunidades autónomas, que seguiron e están a seguir os pasos de Galicia adaptándoos ás peculiaridades do seu territorio e da súa idiosincrasia.
- 3.- É fundamental continuar reforzando os lazos dos galegos do exterior con Galicia, co fin de atraer o retorno da poboación mais xoven, mocidade que naceu no exterior no seo de familias galegas que teñen Galicia sempre presente e continúan mantendo os vínculos con ela.
- 4.- O reto do retorno esixe a implicación de todos os departamentos e a aplicación de medidas transversais que inclúen incentivos adicionais para os retornados en diferentes áreas competenciais da Xunta de Galicia.
- 5.- É imprescindible un enfoque integral na atención que se presta ás familias retornadas : a información, asesoramento e seguimento a través do apoio



tanto sociolóxico como psicolóxico é fundamental para conseguir a súa plena integración no menor tempo posible e darlle a tranquilidade e seguridade na súa chegada.

6.- O asesoramento e o acompañamento son claves para o retorno, polo que debe iniciarse xa nos seus países de orixe a través das delegacións da Xunta de Galicia, das oficinas colaboradoras das entidades galegas no exterior, e a través das Oficinas Integrais de Asesoramento e Seguimento ao Retorno de forma telemática.

Todas estas oficinas son atendidas por un conxunto de persoas técnicas cualificadas, que teñen como obxectivo o asesoramento tanto presencial como telemático e o seguimento personalizado ás/ós retornados.

7.- Galicia debe ofrecer unha rede social sólida aos retornados, informando de todas as medidas específicas e xerais do seu interese, facilitar o acceso á vivenda, apoiar a integración da xuventude, así como axilizar os trámites no sistema público sanitario galego no momento da chegada a Galicia.

E preciso fomentar o retorno das familias a través do apoio a natalidade e a conciliación familiar. Neste senso é necesario atender especialmente ás familias galegas retornadas en situación de vulnerabilidade e conseguir a súa plena integración no menor tempo posible.

8.- A educación é un polo de atracción que nos enriquece como comunidade. E por iso que é importante que as persoas retornadas teñan acceso ao coñecemento das medidas dirixidas a favorecer a súa continuidade formativa e a dos seus fillos, favorecendo a incorporación nos centros educativos de primaria e secundaria da nosa comunidade autónoma, así como no sistema universitario.

9.- O retorno require de solucións solventes no eido laboral. É fundamental informar ás/ós retornadas presentes e futuros das medidas dirixidas a favorecer a integración no mercado laboral por conta allea e promover o autoemprego e a creación de Pymes por persoas retornadas.

10.- É necesaria a implicación real doutras Administracións para levar a cabo estas iniciativas, reducir os tempos para a realización dos tramites necesarios no exterior, (nacionalidade, visados, baixas consulares etc....) sobre todo, nos países nos que temos maior número de familias galegas e tamén ao chegar a España como na homologación de títulos universitarios.